

ACTA MESA CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN Á XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E PARA A XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO EN PERÍODO VOLUNTARIO E EN PERÍODO EXECUTIVO. NOVA LICITACIÓN DOUE. EXP. REF. 40-2017. RESOLUCIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS POLA LICITADORA ASESORES LOCALES CONSULTORIA, SA. SOBRE PRESUNTAS IRREGULARIDADES NA PRESENTACIÓN DE OFERTAS. -----

Sendo as 13:00 horas do día 26 de febreiro de 2019, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por don X. Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica.
- don Manuel Vázquez Fernandez, Interventor Xeral municipal.
- dona María Aranzazu Sastre Carracedo Tesoureira municipal.
- e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnica do Servizo de Contratación.

Asiste ao acto ademais:

- dona Nuría Caínzos Morandeira e don José Carlos Losada Campa en representación da licitadora GESTIÓN DE TRIBUTOS TERRITORIAL, SAU.
- e don Jose M^a Moreno Gayá en representación da licitadora ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria primeiramente a dar conta das alegacións presentadas pola licitadora ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A. no RXE o día 27/12/2018 sobre presuntas irregularidades na presentación de ofertas presentadas á licitación e a continuación a dar lectura do informe técnico da responsable do contrato, Tesoureira municipal, emitido con data do 14/12/2019 do teor literal seguinte:

“ **TESOURERÍA MUNICIPAL.**

INFORME EN RELACIÓN AO RECURSO PRESENTADO POR ASESORES LOCALES CONSULTORÍA SA NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E DA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/85, de 02 de abril, de Bases de Rexime Local.
- Real-Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.



CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: exp 40/2017

Asunto: Acta resolución alegacións

- Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Real Decreto-Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

- Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación.

- Prego de Cláusulas Administrativas particulares e de Prescripcións Técnicas que rexeirá a citada contratación administrativa.

ANTECEDENTES.

- Solicitude de data 29 de novembro de 2018 de Don Diego Camblo Giménez NIF 44593467D en representación de Asesores Locales Consultoría SA de acceso ao expediente de contratación do servizo de colaboración administrativa da xestión recadatoria municipal en período executivo e da xestión administrativa e recadación das multas de tráfico.

- Documentación presentada por Asesores Locales Consultoría SA (ALC), Coordinadora de Gestión de Ingresos SA (CGI) e Gestión Tributaria Territorial SAU (GTT) no procedemento de contratación do servizo de colaboración administrativa da xestión recadatoria municipal en período executivo e da xestión administrativa e recadación das multas de tráfico.

- Recurso presentado con data 27 de decembro de 2018 e NRE 2018081985 por Don Diego Camblo Giménez NIF 44593467D en representación de Asesores Locales Consultoría SA.

- Providencia do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento solicitando informe en relación ao recurso presentado e á documentación obrante no expediente de data 17 de xaneiro de 2019.

- Escrito de alegacións presentado durante o trámite de audiencia conferido ao efecto con data 30 de xaneiro de 2019 con NRE 2019006534 por Don José Fernando Cañizares González NIF 50306387M en representación de Gestión Tributaria Territorial SA (GTT).

- Providencia do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento de data 06 de febreiro de 2019 polo que se da traslado a esta Tesourería do escrito de alegacións sinalado.

INFORME.

PRIMEIRO.- A cláusula DÉCIMA do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 29 de novembro de 2017 establece o seguinte:

«O SOBRE B - PROPOSTA RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.

Conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposicións presentadas de acordo cos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor que se indican na cláusula décimo segunda (12.2) deste prego de cláusulas administrativas particulares.

Dentro deste sobre B deberá achegar:

- Documento de "Melloras ofertadas".

- Documento de "Memoria-Documento".

- Documento relativo á calidade no emprego e plan de formación.

O sobre "B" non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían con base nos criterios do sobre "C". O incumprimento desta condición dará lugar á exclusión automática do procedemento de adxudicación por supoñer unha vulneración da igualdade de trato e non discriminación».

SEGUNDO.- En base a dita cláusula, ALC presenta recurso por considerar que tanto CGI como GTT incluíron no sobre B información que permitía coñecer a oferta económica que debía ir no sobre C e solicita a exclusión automática dos outros dous licitadores.

TERCEIRO.- A cláusula DÉCIMA do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 29 de novembro de 2017 establece que no modelo do sobre C deberá constar o seguinte:

«(...) b) Que propón como prezo do contrato:

- Colaboración en vía de constrinximento:

1) Oferta como prezo deste concurso o% do principal da recadación líquida dos tributos, IVE excluído.

2) Oferta como prezo para aplicar nos xuros de demora, o% destes (IVE excluído) como máximo.

- Colaboración na xestión administrativa e recadatoria das multas de tráfico:

1) Dos ingresos efectuados en concepto de multas ou sancións de tráfico, en período voluntario, oferta unha porcentaxe equivalente ao% sobre a dita cifra (IVE excluído) como máximo.

2) Se os ingresos se efectúan en vía de constrinximento, oferta unha porcentaxe equivalente ao% sobre a dita cifra (IVE excluído) como máximo.

c) Que oferta un incremento do% (indicar porcentaxe) sobre as retribucións do salario base establecidas no V Convenio colectivo de ámbito estatal para despachos de técnicos tributarios e asesores fiscais (que se menciona aquí exclusivamente para estes efectos) ou o convenio sectorial que estea vixente en cada momento de duración do contrato; incremento que se aplicará a todos os traballadores adscritos a este contrato.

d) Que se pon a disposición do Concello para a atención dos contribuíntes en vía executiva un local coas seguintes características:

..... metros cadrados de superficie útil.

..... metros de distancia ás Oficinas de Tesourería Municipal sita na ronda da Muralla, 197.

* Deberá achegar plano do local e de localización.

e) Que se pon a disposición do Concello os seguintes servizos engadidos ao sistema SICER:

- Dixitalización de acuses de recibo (rodear cun círculo o que corresponda):

SI

NON

- Un terceiro intento de notificación polas tardes (rodear cun círculo o que corresponda):

SI

NON

f) Que oferta a cantidade anual de euros para a formación e asistencia gratuíta (custo de matrícula) de funcionarios municipais a cursos relacionados coas materias deste contrato, todo isto conforme o exposto na cláusula décimo segunda (12.1.5).



CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: exp 40/2017

Asunto: Acta resolución alegacións

g) Que se pon a disposición do Concello unha Oficina de Asesoría Xurídica, todo isto conforme o exposto na cláusula décimo segunda (12.1.6) (rodear cun círculo o que corresponda):

SI

NON».

CUARTO.- Analizada a documentación obrante no expediente relativa á información que segundo ALC contiñase no sobre B de CGI e de GTT e que permitía coñecer a oferta económica a incluír no sobre C ou a puntuación a obter e que, de estimarse o recurso suporía a exclusión das mesmas, é preciso sinalar o seguinte:

1.- Respecto á mención que tanto CGI como GTT fan na documentación do sobre B do **V Convenio Colectivo de Ámbito Estatal para Despachos de Técnicos Tributarios e Asesores Fiscais**, o propio prego de cláusulas administrativas particulares recolle na cláusula 12.2.1 relativa aos criterios non avaliábeis automaticamente, calidade no emprego que se valorarán as propostas que fagan os licitadores de «mellora nas condicións salariais (...) e condicións laborais que melloren o disposto no V Convenio colectivo de ámbito estatal para despachos de técnicos tributarios e asesores fiscais (que se menciona aquí exclusivamente para estes efectos) (...)». Polo tanto, se **o propio prego recolle o Convenio sobre o que os licitadores poden ofertar melloras**, resulta evidente que mencionalo na documentación do sobre B non supón incluír no mesmo información que só debe constar no sobre C.

É máis, dita cláusula recolle de forma expresa que no sobre B debe incluírse a proposta técnica «excluíndo calquera referencia ao incremento retributivo sobre o salario base xa que é información que debe estar no sobre C». É dicir, **é a porcentaxe de incremento o que constitúe a oferta económica que debe constar no sobre C exclusivamente**, contendo o propio prego referencias ao Convenio que se cita como información que podería permitir coñecer a oferta económica no sobre B.

2.- Respecto á mención á **formación** que fai CGI na documentación do sobre B e que segundo ALC supón que se entende que se vai a ofrecer formación a funcionarios, é preciso sinalar que a mención á formación efectúase pola primeira **de forma xenérica** («(...) damos mucha importancia a la formación (...) de nuestros profesionales y de los profesionales de los ayuntamientos (...)); igualmente, as mencións á «asistencia técnica», ao «asesoramiento en la implantación y puesta en marcha», e a que o seu persoal «asesore, con total garantía y sin coste adicional, técnicamente al Ayuntamiento en caso de necesidad, al respecto del funcionamiento, configuración y explotación del producto», non poden considerarse como relativas á oferta económica en formación e asistencia gratuíta anual de funcionarios municipais a cursos convocados por organismos públicos, colexios oficiais (cláusula 12.1.5 do prego), xa que **nin teñen o mesmo contido, nin permiten coñecer o que é obxecto de valoración automática, que é o importe anual de euros a destinar a dito fin**.

O mesmo pódese afirmar sobre as mencións que segundo ALC fai GTT na documentación do sobre B sobre a formación: «(...) formación a recibir relacionada con la aplicación informática (...) · Usuarios finales de la aplicación (...) · Usuarios puestos responsabilidad», que ademais **refírese expresamente a formación sobre o manexo da aplicación informática** de GTT.

3.- En canto á **dixitalización de acuses de recibo** que segundo ALC se deduce da mención que fai CGI á xeración de PDFs dos mesmos, así como ás diversas mencións que entende fai GTT na documentación do sobre B, é preciso sinalar que a utilización do sistema SICER configúrase na cláusula QUINTA do prego de prescricións técnicas como **mínimo obrigatorio** («2. A notificación axustarase a criterios de seguridade e eficacia na súa realización, polo que, de ser o caso, se practicará mediante correo certificado con aviso de recibo, mediante sistema SICER (...); 7. Respecto ás notificacións da Unidade de Sancións, todas as notificacións (notificacións de denuncia, notificacións de resolucións sancionadoras, propostas de resolución, recursos de reposición), axustarase a criterios de seguridade e eficacia na súa realización, polo que se practicarán mediante correo certificado con xustificante de recepción mediante sistema SICER»). A maiores de dito sistema, a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos SA oferta diversos servizos adicionais cun maior custo. **Estes servizos adicionais, entre os que se atopan a dixitalización de acuses e o terceiro intento de notificación, son os que podían ser obxecto da oferta económica a incluír no sobre C.**

4



CSV: vADuzTrBNzSLWcbdZpMixw==

SINATURAS

XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL -
SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

PAXINA: 4 / 6

DATAS(UTC)

27/02/2019 09:21:43
27/02/2019 09:21:41

Por parte de CGI o que se fai é unha referencia **xenérica** á posibilidade de xerar pdf's, pero **non se refire en ningún caso á contratación de servizos adicionais** de SICER, nin sequera se pode afirmar que dita posibilidade se predique dos acuses de recibo, senón que **se refire ás notificacións**.

En canto a GTT, non se recolle en ningunha das supostas referencias á oferta económica a realizar que se vaia a contratar ditos servizos adicionais ao sistema SICER, é máis, como indica a empresa nas súas alegacións, o que se está a indicar no caso das notificacións a través de Correos co sistema SICER é que **o seu sistema de información (SIT-gtt) dispón dunha funcionalidade que permite a recepción e carga dos ficheiros xerado por Correos a través do sistema SICER** (“(...) nuestra aplicación informática: Dispone de un procedimiento de comunicación para el envío de los ficheros de intercambio con Correos y recepción de resultados y acuses escaneados (...”).

E respecto á descrición que se fai do sistema do que dispón GTT para os supostos nos que o prego establece que non se poderá utilizar o sistema SICER, non se pode inferir da mesma que isto supoña a contratación dos servizos adicionais a SICER (“Disponemos del sistema (...) para (...) la digitalización de acuses”), xa que precisamente dito sistema é o que se vai utilizar para as notificacións que se exclúen no propio prego do sistema SICER.

4.- Polo que se refire á mención que fai CGI da **Asesoría Xurídica**, o único que aparece na documentación é dito departamento no posible organigrama para a prestación do servizo, é dicir, que a empresa poña no organigrama un departamento de asesoría xurídica como apoio externo (frente a outras áreas que se configuran como “proxecto”) **non quere dicir que na oferta económica se vaia a ofertar a posta a disposición dunha oficina de Asesoría Xurídica**, xa que a cláusula 12.1.6 esixe que a que se oferte cumpra cuns requisitos (“(...) sempre e cando exista compromiso de resolucións, de informes, de documentación... no prazo máximo dunha semana desde a súa solicitude por correo electrónico dirixido á persoa sinalada na citada asesoría como interlocutora co Concello”), e CGI no sobre B só recolle unha referencia **xenérica** á existencia no seu organigrama dunha Asesoría Xurídica.

QUINTO.- Finalmente, e á vista das diversas resolucións do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales e de sentenzas como a da AN de 06/11/2012, resulta preciso lembrar que **a exclusión dun licitador por incluír documentación/información en sobre distinto ao debido non é automática, senón que dito acto debe vulnerar efectivamente a igualdade de trato e non discriminación**, o cal non resulta demostrado por ALC SA.

SEXTO.- En canto á comprobación efectuada sobre se na documentación presentado no sobre B por ALC SA podería constar información similar e sen entrar en detalle, poderíase considerar que existe algunha referencia ao tema da dixitalización de acuses nos apartados 5.3.1 e 7.1.7 da Memoria Documento nos que describe o software de xestión de notificacións e o xestor unificado de notificacións, pero resultaría aplicable o xa sinalado respecto aos outros dous licitadores.

SÉTIMO.- Polo tanto, e en virtude de todo o exposto, estímase por esta Tesourería que **non se ten producido por parte dos licitadores CGI SA, GTT SAU e ALC SA vulneración das regras de presentación de ofertas recollidas no prego de cláusulas administrativas particulares da licitación.**”

A vista do cal os membros da mesa **acordan propoñer ao órgano de contratación a desestimación das alegacións presentadas** pola licitadora ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A. sobre presuntas irregularidades na presentación de ofertas presentadas á licitación así como a continuación do procedemento.

Finaliza a xuntanza manifestando don Jose M^a Moreno Gayá o seu desacordo coa decisión e que se reservan o exercizo das medidas legais oportunas en defensa do seu dereito.



CONTRATACIÓN

XMCR/rdi

Ref: exp 40/2017

Asunto: Acta resolución alegacións

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas, no lugar enriba sinalado.

O PRESIDENTE,

A SECRETARIA

Asdo.: Xosé M. Cao Rei.

Asdo.: Ana Tabarés Martínez.



CSV: vADuzTrBNzsLWcbdZpMixw==

SINATURAS

XOSE MANUEL CAO REI - XEFE DE SERVIZO - CONTRATACION
ANA TABARES MARTINEZ - TÉCNICA DE ADMON XERAL -
SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

PAXINA: 6 / 6

DATAS(UTC)

27/02/2019 09:21:43

27/02/2019 09:21:41